

Escena 1

- Querida Lebre, sempre presumes de ser a máis rápida, pero ata que non o demostres non teño por que crerte.
- Pois porque teño unhas patas longas e flexíbeis e ti curtas e cativas.
- Para saír gañadora dunha proba, non só hai que ter condicións, tamén é necesario ter vontade e constancia.
- O que ti queiras, pero se facemos unha carreira morderás o po ante o meu triunfo.
- Pois mañá ao mediodía.
- Ata mañá. Non me das ningún medo.



Escena 2

- Que insensata é esta tartaruga... Fai un anaco que empezamos a carreira e tomei tanta vantaxe que nin se ve ao lonxe... Que calor fai! Como levo tanta vantaxe vou descansar un anaquiño...ha, ha, ha...
- (A lebre botouse a descansar)*
- Que calor fai! Pero non podo perder un segundo...Pero que estou vendo? A lebre descansando baixo unha árbore... Vou seguir e igual podo ser a gañadora.
- Como puido suceder? A tartaruga gañou a carreira! Resulta que cando me deitei baixo a árbore quedei durmida! Así perdín a carreira, fun moi confiada. Vou retar á tartaruga a unha nova carreira.

Escena 3

(Empeza a segunda carreira)

- Podo elixir eu o traxecto?
- Podes, pois gañaría aínda con muletas.
- Pois imos correr polo camiño que rodea a montaña.
- Alá imos...
- Que fas aí parada na beira do río? Pensei que xa cruzaras a meta.
- É que... é que...
- Ti mesma, eu vou cruzar o río a nado.
- Eu non podo, non sei nadar.
- Vaia! Pois temo que vou gañar de novo a carreira... Vólves a ser demasiado confiada.
- E ti elixiches este traxecto para que non puidera cruzar o río.
- Se non foras tan crida, comprobarías antes o traxecto, pero como estabas tan segura de gañar... Eu si creo nas miñas posibilidades, pero non sen antes valorar tamén outras calidades.



Xaxaxa, Xaxaxaxaxaxa, Xaxaxa

1 Sinala a resposta correcta.

A carreira era entre

- a tartaruga e a formiga.
- a tartaruga e a lebre.

Gañou a carreira

- a lebre.
- a tartaruga.

A tartaruga e a lebre vivían

- no campo.
- no mar.

A lebre era

- orgullosa.
- humilde.

A tartaruga era

- constante.
- preguiceira.

2 Le e ordena estas oracións que contan o que pasou na fábula.

- ☐ E deitouse a descansar.
- ☐ Había unha lebre que se ría da lenta tartaruga.
- ☐ A lebre colleu moita vantaxe.
- ☐ A tartaruga propúxolle unha carreira.
- ☐ A tartaruga non parou e así gañou a carreira.